

## **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN**

**EXPEDIENTE: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES: SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2019/2020.**

Emítase o seguinte informe a petición da concelleira delegada de Educación e Mocidade, co obxecto de xustificar a necesidade de contratación do servizo de comedores escolares para o curso 2019-2020, en centros de educación infantil e primaria do concello de Santiago.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

*"Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.*

*1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."*

### **Competencias en materia de comedores escolares:**

O Estatuto de Autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de maio, para a Mellora da Calidade Educativa, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como o transporte e os comedores escolares.

A Xunta de Galicia é a administración competente para a prestación do servizo de comedores escolares nos centros educativos de educación infantil e primaria sostidos con fondos públicos. Actualmente, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG nº 154, do 13 de agosto), regula o funcionamento dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Polo tanto, a competencia da administración da Comunidade Autónoma para a aprobación deste decreto e a regulación do servizo de comedor escolar como servizo público educativo



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de  
Educación e Mocidade

complementario provén das súas competencias xerais en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, na que está incluída a regulación e xestión dos servizos educativos complementarios.

O decreto configura o comedor escolar como un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade. A finalidade primeira perseguida pola consellería competente en materia de educación coa xestión do servizo de comedor escolar foi dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada do tradicional asentamento poboacional en núcleos illados e diseminados, e foi concibido, polo tanto, como medio de salvar as dificultades de acceso ao ensino motivadas pola devandita dispersión xeográfica, razón pola que ata de agora concíbíase unido ao servizo de transporte escolar. Con todo, o comedor escolar nestes momentos vai máis aló, xa que alcanza novas virtualidades, derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar.

Efectivamente, a consellería, consciente dos cambios socioeconómicos operados na sociedade galega que demanda medidas concretas en materia de conciliación da vida laboral e familiar, pretende poñer en marcha, tal e como se recolle no Decreto, un plan en materia de comedores escolares que, co obxectivo de dar resposta á demanda social de prestación do servizo existente, de maneira gradual consiga os seguintes obxectivos:


- Implicar na xestión do servizo, mediante as fórmulas de cooperación e colaboración previstas no marco xurídico actual, a totalidade de administracións públicas con competencias concorrentes neste eido, os colectivos e asociacións afectados e, en definitiva, as propias familias.
- Promover os cambios organizativos que sexan necesarios co fin de mellorar a prestación actual do servizo e ampliar a súa extensión a través de novos mecanismos de compensación económica que, con criterios de progresividade e solidariedade social, permitan incrementar o número de prazas de comedor existentes, así como posibilitar a xestión de novos comedores escolares.

#### **Antecedentes administrativos:**

- Con data de 1 de marzo de 2019 (nº rexistro 2019/455889), envíase oficio á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aportando os datos dos comensais para a determinación da aportación económica da Consellería así como o detalle de incidencias e necesidades que se teñen detectado respecto ao servizo de comedores.
- Con data de 21 de xuño de 2019, recíbese certificación do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que recolle o compromiso desa Consellería de colaborar economicamente na xestión e organización dos comedores escolares a cargo do concello de Santiago, mediante unha achega económica de 163.226 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da CCAA de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2019: 26.134,50 €

Ano 2020: 81.613,00 €



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de  
Educación e Mocidade

Año 2021: 55.478,50 €

A colaboración plásmase nun convenio que ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión e organización do servizo de comedores escolares en nove centros de ensino público de educación infantil e primaria do concello e, que son os seguintes:

- CEIP Apóstolo Santiago
- CEIP Ramón Cabanillas
- CEIP Cardeal Quiroga Palacios
- CEIP Roxos – Villestro
- CEIP Monte dos Postes
- CEIP Mestre Rodríguez Xixirei
- CEIP Fontiñas
- CEIP Vite
- CEIP Raíña Fabiola

Tal e como se recolle no texto do Convenio "A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual, o comedor escolar está acadando novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar. A subscrición deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública e favorece a eliminación de duplicidades administrativas na xestión do comedor escolar".


Neste Convenio o concello de Santiago asume os seguintes compromisos:

1.- O Concello prestará o servizo de comedor escolar nos centros docentes enumerados na cláusula primeira do Convenio durante os cursos 2019-2020 e 2020-2021 (á espera de asinar un novo convenio para os seguintes cursos). Este servizo abranguerá as seguintes actividades:

- A elaboración de comidas cos seguintes requirimentos:

- Os citados menús poñeranse en coñecemento do consello escolar de cada centro educativo, debendo garantirse a adecuación destes ás necesidades nutricionais dos usuarios do servizo así como as características gastronómicas de cada estación do ano.
- O menú será o mesmo para todos os comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. En calquera caso, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, acreditada mediante certificado médico, disporá dun menú adecuado ás súas necesidades.
- O servizo e distribución dos menús escolares ata as mesas do comedor escolar, o seu reparto entre os comensais, e a recollida do material empregado.

- A vixilancia, asistencia e coidado dos alumnos/as durante a utilización do servizo de comedor, así como nos períodos comprendidos dende a finalización da derradeira clase da mañá ata o comezo da seguinte actividade educativa ou a súa volta á casa, de ser o caso. Nestes períodos fomentaranse programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.



2.- O Concello asume o financiamento do custos dos comedores escolares dos centros anteriormente citados, contratando a prestación do servizo de comedor escolar para cada centro educativo, de conformidade cos procedementos e formalidades esixidos pola normativa vixente en materia de contratación pública, así como o control posterior da súa execución, sendo de cargo dos usuarios do citado servizo, de así determinalo o concello, o financiamento dos custos en todo o que exceda da achega económica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3.- Así mesmo, o Concello comprométese a:

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública.
- Sufragar os menús dos coidadores e coidadoras de alumnado con NEEs que, durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos/ás escolares que teñan asignados, no caso de existiren nos centros cuxos comedores son xestionados polo concello.
- Cumprir o seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.
- Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de Subvencións de Galicia.
- Incluír en todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora.

4.- Pola súa parte a Consellería de Educación comprométese a.

- Colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar nos nove centros de ensino público xa citados mediante unha achega económica dos comedores escolares a cargo do concello de Santiago, mediante unha achega económica de 149.520 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da CCAA de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2019: 26.134,50 €

Ano 2020: 81.613,00 €

Ano 2021: 55.478,50 €

O feito de fixar a achega pública como un importe certo, supón que queda de conta do Concello a diferenza de financiamento necesaria para a total execución da actividade, debendo ser reintegrada, no seu caso, esta achega pública unicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

Doutra banda, a Consellería durante os cursos 2019/2020 e 2020/2021 faculta ao Concello, de conformidade co disposto no artigo 2.1 d) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co

artigo 4.3.h) da Orde do 21 de febreiro de 2007, e tendo en conta as previsións contidas no artigo 27 da Lei 9/29007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, para subcontratar a totalidade das prestacións subvencionadas pola Consellería e recollidas na cláusula segunda deste convenio, a fin de prestar o servizo de comedor nos referidos centros de ensino público.

5.- Con este contrato de servizos do que agora se abre o proceso de licitación, pretende dar cumprimento ao Convenio de colaboración que establece as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión e organización do servizo de comedores escolares en nove centros de ensino público de educación infantil e primaria do concello. Destacar que a licitación inclúe o servizo de almorzo e o do xantar, aínda que o Convenio só contempla o servizo de xantar.

6.- Na actualidade o concello de Santiago atende a un número moi importante de usuarios de comedor escolar. A evolución de xantares servidos (non se inclúen os datos de almorzos), dende que se iniciou a prestación do servizo de comedores no curso 2012-2013 ata a actualidade, é a seguinte:

Curso 2012-2013	10 meses (setembro-xuño)	85.000 xantares servidos
Curso 2013-2014	10 meses (setembro-xuño)	105.031 xantares servidos
Curso 2014-2015	10 meses (setembro-xuño)	112.728 xantares servidos
Curso 2015-2016	10 meses (setembro-xuño)	138.584 xantares servidos
Curso 2016-2017	6 meses (setembro-febreiro)	86.110 xantares servidos
Curso 2017-2018	6 meses (decembro-xuño)	85.001 xantares servidos
Curso 2018-2019	10 meses (setembro-maio)	145.574 xantares servidos

Como se pode comprobar o número de comidas servidas dende a posta en marcha do servizo e polo tanto coa sinatura do primeiro convenio, ata o día de hoxe, prodúcese un incremento considerable. Os datos totais deste curso escolar aínda non están completos, ao non estar rematado, pero déixase constancia de que están inscritos neste servizo 1.741 alumnos/as, dos que 917 comensais fan un uso diario de media.

7.- Son obrigas do concesionario, as seguintes:

1. Prestar o servizo de acordo nos termos dispostos nos pregos e no contrato, con continuidade e regularidade.
2. Facer un bo uso das instalacións e mobiliario e mantelos en bo estado.
3. Levar un inventario dos bens mobles, electrodomésticos, maquinaria, etc, do servizo.
4. Facer unha enquisa anual aos usuarios para a avaliación do Servizo.
5. Actuar en todo momento de acordo coas indicacións e as observacións do Departamento de Educación do Concello sobre o funcionamento do servizo.



6. O adxudicatario permitirá e facilitará as inspeccións dos traballos, materiais e equipos postos a disposición do servizo. O persoal do Departamento de Educación do concello de Santiago poderá acceder en todo momento ás instalacións do comedor, sen necesidade de aviso previo á adxudicataria, aos efectos que considere oportunos.
7. Informará ao Concello sobre a prestación do servizo. A tal obxecto atenderá satisfactoriamente todas as demandas de información que aquel formule.
8. O adxudicatario, ao mesmo tempo que xestiona as matriculas, informará ás familias sobre as tarifas dos servizos, recollerá os datos necesarios e presentará ao Concello, no prazo e no formato que se indique, un ficheiro informatizado cos datos dos usuarios dos servizos e as tarifas que se deberán aplicar segundo os servizos.
9. A entidade adxudicataria asumirá a xestión do cobro das cantidade que lle corresponda pagar ás familias usuarias do servizo. A tal efecto contará cunha conta específica restrinxida aos efectos de ingresos. Para o no establecido neste prego a empresa estará ao que determinen os Servizos económicos do concello de Santiago.
10. O servizo poderá ser obxecto de auditorías externas en calquera momento, polo que o adxudicatario someterase a elas e facilitará todas a documentación e información que se requira ao respecto.
11. Responsabilizarase do trato correcto aos usuarios por parte de seu persoal.
12. Deberá contar cun libro-rexistro de reclamacións, en todo momento, a disposición dos usuarios. O adxudicatario deberá entregar ao Departamento de Educación do Concello de Santiago, no mesmo día ou no seguinte hábil en que se produza algunha reclamación, o libro-rexistro de reclamacións e denuncias onde se rexistrarán toas as presentadas.
13. Unha vez cumprida a prestación contractual, toda a documentación administrativa e de xestión xerada durante a duración do contrato deberá ser entregada ao concello perfectamente ordenada e clasificada por conceptos de xestión e de anualización.
14. Velar polo control de entradas e saídas das persoas nas instalacións.
15. Tramitar ao seu cargo todas as licenzas, autorizacións e legalizacións que exisa o cumprimento do obxecto do contrato e a normativa vixente para este tipo de servizos.
16. Sufragar os seguintes gastos de funcionamento:
  - a. Os que orixine a contratación do persoal necesario para a correcta xestión do servizo.
  - b. Os da limpeza diaria dos espazos de comedor
  - c. A empresa adxudicataria deberá manter en perfecto estado e limpas as instalacións, como todo o material, mobiliario, electrodomésticos e demais

- elementos. Deberá realizar unha limpeza xeral a fondo antes do comezo de cada curso escolar.
- d. Os do material funxible e material didáctico inventariable para o servizo.
  - e. Os de mantemento e reposición do mobiliario, equipamento e material inventariable educativo e de enxoval de cociña, comedor, e de lavandaría (se fose o caso), así como o material de vestiario, botiquín, material de oficina e outro material propio do servizo.
  - f. Respecto da maquinaria afecta ao servizo deberá contratar un servizo de mantemento que garante o funcionamento axeitado da maquinaria durante a prestación do servizo.
  - g. Todos os outros gastos necesarios para o funcionamento ordinario do servizo que non correspondan ao Concello.
  - h. Contratar todas as pólizas de seguros correspondentes, nas condicións e coberturas necesarias para cubrir plena e totalmente calquera continxencia que se puidera dar durante durante a vixencia do contrato (de responsabilidade civil, de accidentes dos traballadores e dos usuarios, e calquera outro que fose necesario no desenvolvemento deste servizo)
  - i. O adxudicatario deberá entregar no Rexistro Xeral do Concello, un disco externo con copia de toda a documentación administrativa da xestión realizada durante a vixencia do contrato.
17. Coñecer e cumprir todas as condicións e requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas e administrativas que rexen este contrato.
18. Cumprir en todo momento a normativa vixente en materia laboral, social e triburaria.
19. A adxudicataria deberá garantir en todo momento o nivel axeitado de resultados e de calidade do servizo.
20. Absterase de representar publicamente diante de calquera instancia ao concello de Santiago, agás delegación expresa do órgano municipal competente. Así mesmo, non facilitará aos medios de comunicación datos ou información obtida no exercicio das súas responsabilidades contractuais. Do mesmo xeito, a documentación do servizo susceptible de difusión exterior deberá ser visada previamente polo concello de Santiago e non conterá publicidade da entidade adxudicataria.
21. Non poderá incorporar persoas alumnas en prácticas seren a expresa autorización do concello de Santiago. Dito exercicio práctico en ningún caso poderá substituír un posto de traballo, debendo realizarse acompañados polo persoal profesional que exerce a

prestación do servizo. Previamente á realización práctica, requirirase o libre e expreso consentimento da persoa beneficiaria.

Todas as obrigas descritas e contidas no PPT deberán realizarse de oficio polo adxudicatario, sen que sexa necesario ningún tipo de requirimento polo concello.

**Polo exposto** e para dar cumprimento aos compromisos do Concello de Santiago no antedito convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é polo que se propón a contratación do servizo de comedores escolares para o vindeiro curso escolar 2019-2020

## **DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

### **1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN**

Centro xestor proponente: Educación

Persoa responsable do seguimento: A técnica do Departamento de Educación D<sup>a</sup>. Cristina Salgado Pato.

### **2. OBXECTO DO CONTRATO**

Contrato de Servizos para a xestión do servizo de comedores escolares: "Servizo de catering e de persoal Monitor/Coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o Curso Escolar 2019-2020"

As necesidades que se pretenden cubrir, son as seguintes:

- Servizo de catering: elaboración de comidas para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela obxecto de contrato, durante os días lectivos do curso escolar 2019-2020, de acordo co recollido no Prego de prescricións técnicas.
- A vixilancia, asistencia e coidado do alumnado durante a utilización do servizo de comedor e de madrugadores (persoal Monitor/Coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela obxecto do contrato), durante os días lectivos do curso escolar 2019-2020.

### **3.- PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

A concretar polo Departamento de Contratación.

### **4.- DIVISIÓN POR LOTES**

SI:

NON:  (xustificar a non procedencia da división)

Non se procederá á lotización (servizo de comedor e servizo de monitores) dadas as especiais características do servizo que requiren que este deba prestarse de modo unitario. A división en lotes poría en risco a correcta e eficaz execución do contrato (en particular, a debida coordinación entre o servizo de comedor e de monitoraxe). Así, deberá existir unha unidade funcional e dirección única en relación coa actividade propia do servizo de comedor e de monitoraxe, co fin de que exista unha eficaz e eficiente coordinación entre ambos e evitar así eventuais procesos de desatención derivados da posible recepción de ordes contraditorias e/ou diverxentes procedentes de diferentes empregadores.

Polo demais, a eventual división en lotes do presente contrato (servizo de comedor e servizo de monitoraxe) podería conlevar que algún deles, ao seren licitados de forma independente, resultara deserto, quedando neste suposto absolutamente desvirtuado o servizo ao non cumprir o obxectivo pretendido, o cal é o de atender as necesidades alimentarias dos nenos e nenas nos termos e condicións establecidos no prego de prescricións técnicas.

#### **5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR**

As necesidades que se pretenden cubrir, son as seguintes:

- Servizo de catering: elaboración de comidas para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela obxecto de contrato, durante os días lectivos do curso escolar 2019-2020, de acordo co recollido no Prego de prescricións técnicas.
- A vixilancia, asistencia e coidado do alumnado durante a utilización do servizo de comedor e de madrugadores (persoal Monitor/Coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela obxecto do contrato), durante os días lectivos do curso escolar 2019-2020.

O persoal co que conta o Departamento de Educación e Mocidade non é suficiente para desenvolver as accións obxecto do contrato. Non é viable nin conveniente a ampliación dos recursos materiais ou persoais.


#### **6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

A concretar polo Departamento de Contratación.

#### **7.- NOMENCLATURA (CPV)**

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares

#### **8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**



**CONCELLO DE SANTIAGO**

Departamento de Educación e Mocidade

O valor estimado do contrato ascende a 949.863,64 euros (sen IVE), en base ao estudo económico que consta no expediente.

Valor estimado dos servizos
-----------------------------

949.863,64 euros
------------------

### **9. PARTIDA ORZAMENTARIA**

Nº Aplicación orzamentaria:080-32601-22799

Existencia de cofinanciación

SI: X

NON:

A Consellería de Educación comprométese a:

- Colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar nos nove centros de ensino público xa citados mediante unha achega económica dos comedores escolares a cargo do concello de Santiago, mediante unha achega económica de 149.520 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da CCAA de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Año 2019: 26.134,50 €

Año 2020: 81.613,00 €

Año 2021: 55.478,50 €

O feito de fixar a achega pública como un importe certo, supón que queda de conta do Concello a diferenza de financiamento necesaria para a total execución da actividade, debendo ser reintegrada, no seu caso, esta achega pública unicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

Doutra banda, a Consellería durante os cursos 2019/2020 e 2020/2021 faculta ao Concello, de conformidade co disposto no artigo 2.1 d) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 4.3.h) da Orde do 21 de febreiro de 2007, e tendo en conta as previsións contidas no artigo 27 da Lei 9/29007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, para subcontratar a totalidade das prestacións subvencionadas pola Consellería e recollidas na cláusula segunda deste convenio, a fin de prestar o servizo de comedor nos referidos centros de ensino público.

### **10.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

Tipo de licitación: 949.863,64 euros



**CONCELLO DE SANTIAGO**

Departamento de  
Educación e Mocidade

IVE (10%): 94.986,36 euros

Total: 1.044.850, 00 euros

Tipo base, sen IVE, 949.863,64 € en base ao estudo económico que consta no expediente.

Os impostos correspondentes, se é o caso, a determinar polos servizos económicos e de contratación.

O servizo prestarase de acordo, cos seguintes prezos unitarios, debendo os licitadores realizar as súas ofertas á baixa sobre os mesmos:

- Almorzo : 5,88 euros máis IVE.
- Xantar: 2,10 euros máis IVE

### **11.- PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS**

Curso escolar 2019-2020. Prorrogable por un ano.

### **12.- ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA**

Mediante a presentación dunha factura mensual, expedida pola entidade adxudicataria e conformada polo responsable do contrato.

---

*Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019*

Técnica departamento Xestor  
Cristina Salgado Pato



Concelleira delegada de Educación e Mocidade  
(nome e sinatura electrónica)

